

# CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

## ANUNCIO

A Xunta de Goberno do Consorcio para a promoción da música aprobou en sesión celebrada en data 29/09/2016 as seguintes bases:

### **Convocatoria de bolsas de excelencia musical para o curso 2016-2017.**

#### 1.- Liñas xerais.

##### 1.1. Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de bolsas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, destinadas a financiar o gasto derivado da realización de estudos artísticos musicais fóra da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso 2016-2017 en centros educativos de excelencia musical, escolas de alto rendemento, escolas superiores ou universidades. Financiarase o 50 por cento do custo total do curso completo 2.016/2.017 ata o límite máximo de 30.000 euros. A tal fin, diferenciarase as estadías con aloxamento no centro ou lugares dependentes do mesmo de aqueles outros no que o aloxamento e manutención sexa por conta propia. Neste último caso, e previa xustificación documental, abonarase un importe máximo de 152 euros/día ata o límite máximo anteriormente fixado de 30.000 euros por bolsa. No suposto de formacións inferiores a un curso completo o límite máximo de 30.000 euros aplicarase de xeito proporcional a duración da formación realizada. Outorgaranse o número correspondente de becas ata cubrir o importe global de 100.00,00 € para o que se dota de crédito a partida orzamentaria 334.00/480.00.

##### 1.2. Tramitación.

Conforme ao disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma que o substitúa, notificaránselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución das persoas admitidas e excluídas e as de concesión provisional e definitiva das bolsas, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992 ou norma que o substitúa, notificarase mediante publicación no taboleiro de edictos e na páxina web da Consorcio, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

#### 2.- Solicitantes.

Poderán participar nesta convocatoria todas as persoas que reúnan algún dos seguintes requisitos:

A) Persoas empadroadas no Concello da Coruña durante algún período dentro dos últimos cinco anos, previos a aprobación desta convocatoria.

B) Tamén poderán acceder a presente convocatoria aquelas persoas residentes noutros concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que acrediten ter formado parte da "Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia (OJSG)" en calidade de Alumno Activo da mesma.

## CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

- 2.1. A titulación de acceso virá determinada polo centro de acollida polo que será requisito imprescindible a presentación da documentación acreditativa de admisión no citado centro.
- 2.2. Ter nacido a partir do 1 de xaneiro de 1981 (incluído este).
- 2.3. Os/as titulares de outras bolsas non están excluídos de participar nesta convocatoria, sempre que reúnan todos os requisitos.
- 2.4. Cada participante poderá presentar unha única solicitude.

Obrigas dos solicitantes:

A persoa que solicita a bolsa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente poderase, de forma xustificada, modificarse o enderezo inicial coa obriga de notificar a dita circunstancia ao Consorcio.

Para o caso dos/as menores de idade a persoa solicitante será sempre o/a menor e a persoa representante será o pai, nai ou tutor legal do menor, que se responsabilizará de todas as obrigas derivadas de que o seu fillo/a sexa titular/ beneficiaria da bolsa.

### 3.- Documentación.

As declaracións, compromisos e outra documentación requirida deberan vir asinadas pola persoa que presente a solicitude da bolsa.

3.1. Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento que reglamentariamente o substitúa.

3.2. Solicitude (modelo normalizado) que indique:

- a) Contido dos estudos a realizar, que corresponderán ao curso 2016-2017.
- b) Obxectivos que pretende acadar.
- c) Duración, con indicación o máis aproximada posible das datas de inicio e fin, e que non será inferior a tres meses.
- d) Lugar de realización.

3.3. Carta de aceptación, ou aval do/a director/a ou do/a responsable do centro onde se van realizar os estudos. Para aqueles casos nos que por razóns temporais non se poida acreditar a inscrición no centro, terá que acreditarse a aceptación para a realización das probas de acceso.

3.4. Currículo da persoa solicitante que irá acompañado da documentación gráfica, audiovisual e demais que considere necesaria.  
Deberá acreditarse formación previa na área de estudos para a que se solicita a bolsa de excelencia.

3.5. Acreditación da residencia.

3.5.1. Certificado ou volante de empadramento acreditativo da residencia da persoa solicitante, antes da aprobación da presente convocatoria, no Concello da Coruña nalgún período dos últimos cinco anos.

3.5.2. Certificado o volante de empadramento acreditativo da residencia da persoa solicitante nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia máis declaración xurada da pertenza a "Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia (OJSG)" en calidade de Alumno Activo da mesma.

3.6. Declaración doutras axudas solicitadas para o mesmo fin.

## CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

3.7. Declaración do/a tutor/a legal no caso de solicitude de bolsas por menores de idade.

3.8. Autorización ao Consorcio para a promoción da Música para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social con anterioridade aos pagos.

4.- Lugar, prazo de presentación da solicitude e desistimento.

- As solicitudes presentaranse:

- Nas oficinas do Consorcio sitas en: Pazo da Ópera, Glorieta de América 3, 15004 A Coruña en horario de Luns a Venres de 9 a 14 horas.
- Nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza a Administración Xeneral do Estado, a de calquera Administración das Comunidades Autónomas, a de calquera Administración das Consorcios Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares, os Concellos dos Municipios a que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a o do resto das entidades que integran a Administración Local si, neste último caso, se tivera suscrito o correspondente convenio.
- Nas oficinas de Correos, na forma regulamentariamente prevista.
- Nas representacións diplomáticas u oficinas consulares de España no estranxeiro.
- En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

Nos supostos sinalados nos apartados b), c), d) e e) será necesario remitir copia da solicitude a o correo electrónico: [becas@sinfonicadegalicia.com](mailto:becas@sinfonicadegalicia.com) antes da finalización do prazo.

Prazo de presentación: quince días hábiles

Inicio do prazo de presentación de solicitudes 09.00 horas do día seguinte ao de publicación no BOP.

Fin do prazo de presentación de solicitudes 14.00 horas do decimo quinto día hábil posterior a publicación da citada convocatoria no BOP. Si este último día fora festivo o sábado trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

O Consorcio publicará na súa páxina web e no taboleiro de anuncios, a relación das persoas solicitantes admitidas e excluídas polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e da súa publicación na citada páxina web.

No prazo de 10 días dende a publicación dos/as solicitantes admitidos e excluídos poderán as persoas interesadas formular as reclamacións para emendar erros. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que desiste da súa petición nos termos do artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro ou norma que o substitúa.

Tamén será causa de desistimento da solicitude, non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

5.- Tribunais.

Constituirase un tribunal formado do seguinte xeito:

- Presidente:

## CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

Titular: Xerente do Consorcio Andrés Luís Lacasa Nikiforov (suplente Xefa Gestión Económica, María Salgado Porto)

– Secretaria, que actuará con voz pero sen voto:

Titular: Secretaria-Interventora Olga Dourado González (suplente Noelia Reboredo Secades, oficial administrativo)

– Vocais:

- Titular 1: Director titular da Orquesta Sinfónica de Galicia Dima Slobodeniouk (suplente Concertino Massimo Spadano)
- Titular 2: Director do Conservatorio Superior de Música da Coruña Julio Mourenza (suplente Vicedirector Pablo Ruibal)
- Titular 3: Vocal do Comité artístico da Sinfónica de Galicia Dorothea Nicholas (Suplente Despina Ionescu)
- Titular 4: Director académico da Orquesta Xoven da Sinfónica de Galicia, Alejandro Sanz Redondo (suplente Coordinadora Xeral, Angeles Cucarella López)

O tribunal formulará a súa proposta de concesión, que será motivada, e as súas deliberacións serán segredas.

### 6.- Avaliación das solicitudes e resolución da convocatoria.

O órgano competente para ditar o acordo de resolución da convocatoria é o Presidente do Consorcio.

6.1. A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións:

\* Interese do proxecto presentado e centro de desenvolvemento do mesmo: 5 puntos.

\* Currículo do/a solicitante: 3 puntos.

\* Outros méritos a valorar polo tribunal segundo a documentación presentada: 2 puntos.

A puntuación total de cada solicitante obterase pola suma das puntuacións anteriores.

6.2. O tribunal poderán declarar desertas as bolsas que son obxecto da convocatoria cando a calidade das propostas presentadas non acade os criterios mínimos para a súa concesión, despois de ter feita a súa ponderación. As bolsas desertas poderanse acumular para o exercicio seguinte.

6.3. O tribunal poderá nomear o número de suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade de acordo coa puntuación obtida. Estas persoas accederán ás bolsas, unicamente, no caso de existir algunha renuncia ou revogación polo incumprimento das obrigas desta convocatoria.

6.4. A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación na páxina web [www.sinfonicadegalicia.com](http://www.sinfonicadegalicia.com) e no taboleiro de anuncios, e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas, polo que a presentación leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e da súa publicación na citada páxina web.

A Presidencia do Consorcio ditará resolución de concesión provisional que será notificada ás persoas interesadas na forma prevista na convocatoria, concedéndose un prazo de 10 días hábiles no que poderán desistir da solicitude ou presentar alegacións. No caso de non

## CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

formular desistimento expreso ou alegacións, a bolsa considerarase aceptada tacitamente e a resolución provisional elevarase a definitiva.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do/a bolseiro/a proposto fronte o Consorcio mentres éste non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

6.5. Contra a resolución definitiva, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, perante o presidente do Consorcio, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaranse dende o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 6.5 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

6.6. Os/as titulares das bolsas, mediante exposición suficientemente razoada e por causas sobrevidas á data de presentación da documentación desta convocatoria, poderán solicitar a modificación do proxecto inicial ou o cambio por outro distinto, e sempre con anterioridade ao inicio dos estudos.

Estas solicitudes someteranse ao estudo do tribunal da área que fíxo a proposta de adxudicación para os efectos de determinar se procede autorizar o cambio de proxecto ou pola contra, deixar sen efecto a adxudicación.

7.- Realización do proxecto e obrigas dos bolseiros.

Coa finalidade de acreditar a realización do proxecto, os/as titulares das bolsas terán que cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores e ademais:

7.1. Comezar os estudos obxecto da bolsa no curso 2016-2017.

7.2. Presentar certificación académica o titulación acreditativa da formación financiada por esta beca. Este requisito deberá ser cumprimentado no prazo máximo de un mes dende a finalización da formación ou estadía no estranxeiro financiada.

Os prazos de presentación poderán ser prorrogados despois de solicitude razoada, e sempre que se presente cunha antelación mínima dun mes con respecto á data de presentación.

A presentación fóra de prazo da documentación requerida sen que medie solicitude razoada de prórroga que sexa admitida favorablemente polo Consorcio, levará aparellada a imposición dunha sanción, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e poderá dar lugar á devolución do importe cobrado ata o momento no que se produza o incumprimento, ao que se lle engadirán os correspondentes xuros de demora.

7.3. Cooperar co Consorcio nas actuacións de comprobación que sexan necesarias para verificar o cumprimento das condicións determinantes da concesión.

7.4. Comunicar calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento do cumprimento e efectividade das condicións determinantes da concesión da bolsa.

7.5. Comunicar a renuncia á bolsa no caso de que se produza unha causa determinante desta renuncia.

8.- Pagamento.

As bolsas aboaranse en dous prazos:

75%, despois da presentación da seguinte documentación:

# CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

A) Xustificante da matrícula ou inscrición que acredite os estudos que vai realizar.

O prazo máximo para a súa presentación e un mes dende a notificación da concesión da bolsa.

B) Certificado de datos bancarios, para os efectos de domiciliación dos importes que lle serán aboados polo Consorcio.

25%, despois de finalizar os estudos e da presentación da certificación académica ou certificación acreditativa da formación financiada por esta beca.

O prazo máximo para a súa presentación é de un mes dende a data de finalización dos estudos.

Para o pago das bolsas, as persoas adxudicatarias destas deberán estar ao corrente nas súas obrigas tributarias. Neste senso, o/a bolseiro/a deberá autorizar para que o Consorcio poida obter as certificacións acreditativas de que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar o pago da bolsa.

Os pagos realizaranse por transferencia bancaria á conta indicada polo/a bolseiro/a.

## 9.- Incumprimentos e sancións.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que o/a bolseiro/a presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días dende a notificación.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda do dereito de cobro da bolsa outorgada, e ao procedemento de reintegro do primeiro prazo percibido, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá ao bolseiro da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da bolsa, co límite de 150 €.
- Atraso na presentación da xustificación dun mes ata tres: sanción do 20% do importe da bolsa, co límite de 400 €.
- Atraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da bolsa, co límite de 900 €.

A sanción será descontada do importe da achega a percibir.

## 10.- Propiedade dos traballos.

A propiedade dos traballos será dos/as titulares das bolsas.

En calquera publicación ou estrea das obras obxecto da bolsa farase constar a publicidade do financiamento do Consorcio.

O Consorcio poderá programar algunha actividade co fin de amosar publicamente os beneficios e o aproveitamento obtidos como resultado das bolsas.

## 11.- Compatibilidade das bolsas.

## CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

As presentes bolsas son compatibles con calquera outras que poidan concederse para o mesmo obxecto e período, por parte de calquera entidade ou persoa pública ou privada. Nembargante o anterior, o importe acumulado das devanditas axudas non poderá superar o importe total da actividade financiada, reducíndoa proporcionalmente a axuda.

### Disposición final

Para os casos non previstos nas presentes bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, e as bases de execución do orzamento xeral do Consorcio do ano 2016.

Os/as participantes nesta convocatoria aceptan en todos os seus termos as presentes bases e a resolución correspondente, sen prexuízo da presentación dos recursos pertinentes.

### ANEXO

#### SOLICITUDE DE PARTICIPACION NAS BOLSAS DE EXCELENCIA MUSICAL, CURSO 2016-2017

D./D <sup>a</sup> _____
provisto/a de D.N.I. nº _____ con domicilio en _____
_____ nº _____ piso _____ C. P. _____
Localidade _____ Municipio _____ Provincia _____
Teléfono _____ Teléfono móbil _____
e-mail _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Consorcio para a Promoción da Música para a concesión de bolsas de excelencia musical para o curso 2016-2017,

#### DECLARO:

1. Que coñezo na su integridade as bases que rexen a convocatoria.
2. Que solicita ser admitido/a a referida convocatoria, e comprometese a someterse a bases que o regulan.

A tal efecto, acompaño a presente:

**(poñer unha cruz en cada un dos puntos que se presentan)**

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento que regulamentariamente o substitúa.
- Carta de aceptación, ou aval do/a director/a ou do/a responsable do centro onde se van realizar os estudos
- Currículo da persoa solicitante
- Contido dos estudos a realizar, que corresponderán ao curso 2016-2017
- Obxectivos que pretende acadar
- Duración, con indicación o máis aproximada posible das datas de inicio e fin, e que non será inferior a tres meses

## CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA


- Lugar de realización
- Titulación
- Certificado ou volante de empadramento
- Declaración doutras axudas solicitadas para o mesmo fin
- Declaración do/a tutor/a legal no caso de solicitude de bolsas por menores de idade.
- Autorización ao Consorcio para a promoción da Música para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria e a Seguridade Social con anterioridade aos pagos

A Coruña, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016

Firmado,

A Coruña, 11 de outubro de 2016

O Presidente,



Xulio Xosé Ferreiro Baamonde